

Concepción Vilas Cantelar, secretaria accidental do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que o Pleno do Concello de Ames, na súa sesión ordinaria celebrada o día 26 de xaneiro de 2017, adoptou entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

“Punto Quinto.- Compatibilidade para exercer un segundo posto de traballo no sector público solicitado pola traballadora Mónica Antelo Martelo.

(.....)

Rematadas as intervencións, o Pleno da Corporación por unanimidade dos seus membros adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- *Autorizar a compatibilidade á traballadora Mónica Antelo Martelo, co posto de profesora asociada a tempo parcial P6, na Universidade de Santiago de Compostela, polos motivos expostos.*

Segundo.- *En ningún caso a autorización suporá modificación da xornada de traballo e horario dos postos de traballo que resultan afectados, condicionándose a autorización da compatibilidade ao estrito cumprimento en ambos.*

Terceiro.- *Os servizos prestados no segundo posto, cargo ou actividade non se computarán a efectos de trienios nin de dereitos pasivos. As pagas extraordinarias, así como as prestacións de carácter familiar, só se percibirán polo posto principal.*

Cuarto.- *O desempeño do segundo posto de traballo non poderá menoscabar, en ningún caso, a asistencia ao lugar de traballo, nin supoñer atraso, negligencia ou descoido no desempeño dos mesmos. As correspondentes faltas serán cualificadas e sancionadas conforme a lexislación aplicable, quedando automaticamente revocada a autorización ou recoñecemento de compatibilidade se na resolución correspondente se cualifica de falta grave ou moi grave.*

Quinto.- *Comunicar o presente acordo á Universidade de Santiago de Compostela.*

Sexto.- *Facultar ao alcalde para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.”*

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente certificación co visto e praxe do señor alcalde en Ames, a 7 de febreiro de 2017, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe
O alcalde

A secretaria accidental

José M. Miñones Conde

Concepción Vilas Cantelar